

1. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é o conxunto de persoas, con 16 anos ou mais, que residen en Galicia.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O período de referencia da enquisa é o ano 2011.

2. Marco da enquisa

O marco empregado para a selección da mostra foi a base de datos de Tarxeta Sanitaria. Como a enquisa foi telefónica, o marco de mostraxe reduciuse ó listado de individuos con 16 anos e mais que tiñan teléfono na base de Tarxeta Sanitaria.

3. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

O tipo de mostraxe no SICRI 2010 foi aleatorio estratificado.

As unidades de mostraxe e análise foron os individuos de 16 anos e mais que tiñan teléfono na base de Tarxeta Sanitaria. Esta poboación estratificouse en función do sexo e o grupo de idade (16-24, 25-44, 45-64, 65 e máis).

Tamaño de mostra

O tamaño de mostra necesario para a enquisa determinouse a fin de garantir unha axeitada representatividade nos 8 estratos definidos polo sexo e a categoría de idade.

En cada un dos grupos, o tamaño de mostra calculouse para unha prevalencia do 50%, un erro absoluto do 3,5% cun nivel de confianza do 95% e un efecto de deseño de 1,25. Como tamaño de poboación considerouse o Padrón de 2010. Resultou, para cada grupo, un tamaño teórico de $n=980$ que supón un total de $n=7.840$ entrevistas. O traballo de campo desenvolveuse ao longo de 10 meses, de febreiro a novembro, polo que en cada mes se realizaron 784 entrevistas, 98 por cada grupo de sexo e idade.

A distribución da poboación por estrato, segundo os datos do Padrón de 2010, é a seguinte:

Idade	Homes	Mulleres	Total
16-24	123.305	118.196	241.501
25-44	428.477	424.120	852.597
45-64	363.986	376.729	740.715
65 e mais	258.197	361.511	619.708
Total	1.173.965	1.280.556	2.454.521